



Expediente núm.: 1626/2023

Actividade: Nomeamentos

Procedemento: Nomeamentos

Asunto: Contratación de persoal laboral temporal ao abeiro da Bolsa de Emprego 2022 – 2023
(Substitución da persoa traballadora: proceso de selección)

Categoría profesional: Limpador/a de instalacións municipais

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ANTECEDENTES

1. Con data 11.07.2023 (Rexistro de entrada núm. 2023-E-RC-3141), Josefa Gil Gómez (72) solicita o cese no servizo activo como empregado/a público deste Concello, por reunir os requisitos esixidos na normativa vixente para acceder á situación de xubilación, con data de efectos do 27.07.2023.
2. Con data 13.07.2023 dítase Resolución de Alcaldía núm. 2023/0587 co teor literal seguinte:
“Primeiro.- Declarar a xubilación de Josefa Gil Gómez (72), persoal laboral indefinido deste concello, con data 27.07.2023, segundo o solicitado polo/a traballador/a (Rexistro de entrada núm. 2023-E-RC-3141 de data 11.07.2023).
Segundo.- Dispor o cesamento no traballo do citado empregado público con data de efectos do día 27.07.2023, cos dereitos pasivos que lle correspondan.”
3. Por Providencia desta Alcaldía con data 21.07.2023 iníciase o expediente para a cobertura dun (1) posto de traballo na categoría profesional de “Limpador/a de instalacións municipais”, para cubrir temporalmente durante o proceso de selección e cobertura definitiva da antedita praza que figura incluída na Oferta extraordinaria de Emprego Público para o ano 2022 correspondente ao proceso extraordinario de estabilización e consolidación de emprego temporal, segundo o disposto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.
4. O 27.07.2023 o Departamento de persoal deste Concello, emite informe sobre a necesidade e as condicións da contratación laboral temporal que se derivan da cobertura dun (1) posto de traballo na categoría profesional de “Limpador/a de instalacións municipais”, durante o proceso de selección e cobertura definitiva da dita praza que figura incluída na Oferta extraordinaria de Emprego Público para o ano 2022 correspondente ao proceso extraordinario de estabilización e consolidación de emprego temporal.
5. O 27.07.2023 o Departamento de persoal deste Concello, emite informe sobre o procedemento seguido para o chamamento dos/as aspirantes que figuran na quenda de reserva establecida pola orde de puntuación na Resolución de Alcaldía núm. 2023 – 0494 de data 19.06.2023.
6. O 28.07.2023 tramítase a través do Sistema de remisión electrónica de datos no ámbito da Seguridade Social (SILTRA) a baixa por pase a situación de pensionista do/a traballador/a Josefa Gil Gómez (72 con data de efectos do 27.07.2023.
7. A Resolución de Alcaldía núm. 2023 – 0494 de data 19.06.2023, establece o que copiado literalmente di:
“Sétimo.- A quenda de reserva queda establecida pola seguinte orde de puntuación, se ben irase actualizando conforme ao disposto nas Bases que rexerán a selección de persoal laboral temporal, por concurso – oposición, e creación dunha bolsa de emprego no concello do Pereiro de Aguiar para os exercicios 2022 – 2023:

LUIS MENOR PÉREZ (1 para 2)
ALCALDE
Data de Sinatura: 28/07/2023
HASH: 1c4daebb1f8c96d46747c9daae51c2a7e



JOSÉ ANTONIO CERDEIRA PÉREZ (2 para 2)
SECRETARIO - INTERVENTOR
Data de Sinatura: 28/07/2023
HASH: e526107c9807eb6632a6fb22f0a92





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

APELIDOS E NOME	DNI	EXENTO GALEGO	DISCAPACI DADE	EXPERIENCIA PROFESIONAL	FORMACIÓN	CONHECIMENTO LINGUA GALEGA	TOTAL MÉRITOS	PROBA DE COÑECEMENTOS			PROBA GALEGO	TOTAL PUNTOS
								Test	Suposto práctico	Total		
1 Pérez Blanco Baltasara	931	SI	-	0,00	0,50	1,00	1,50	4,80	4,80	9,60	-	11,10
2 Dibuja Barroso David	306	SI	-	0,00	0,50	0,50	1,00	4,80	5,00	9,80	-	10,80
3 Lorenzo Rodríguez Yolanda	164	SI	-	0,00	0,20	1,00	1,20	4,20	4,30	8,50	-	9,70
4 Ventosela Pato Fátima	349	SI	-	1,21	0,00	0,50	1,71	4,20	3,60	7,80	-	9,51
5 Fernández Borrajo Sonia	700	Non	-	0,00	0,00	0,00	0,00	3,60	4,90	8,50	APTO	8,50
6 Nóvoa Fernández Mª Teresa	384	SI	-	0,05	0,00	0,00	0,05	6,00	5,70	11,70	-	11,75

Así mesmo, informaráselle sobre o tratamento dos seus datos persoais e do compromiso de confidencialidade con ocasión da relación que se establece co Concello."

Vistos os Informes emitidos polo Departamento de Persoal nos que se pon de manifesto a necesidade e urxencia de cubrir un (1) posto de traballo na categoría profesional de "Limpador/a de instalacións municipais", mediante o chamamento de aspirantes da bolsa de emprego xurdida ao abeiro da selección de persoal laboral temporal, por concurso – oposición, e creación dunha bolsa de emprego no Concello do Pereiro de Aguiar para os exercicios 2022-2023, e de conformidade co establecido no artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime Local; o artigo 136 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local

RESOLVO

Primeiro.- Aceptar as renuncias á contratación para o posto de traballo de "Limpador/a de instalacións municipais", presentadas polos/as aspirantes propostos polo Tribunal Cualificador e que figuran segundo a orde de puntuación na Resolución de Alcaldía núm. 2023 – 0494 de data 19.06.2023:

1. Baltasara Pérez Blanco, con DNI núm. 931
2. David Dibuja Barroso, con DNI núm. 306
3. Yolanda Lorenzo Rodríguez, con DNI núm. 464
4. Fátima Ventosela Pato, con DNI núm. 349

Segundo.- Proceder á contratación para o posto de traballo de "Limpador/a de instalacións municipais", do/a aspirante proposto polo Tribunal Cualificador e que figuran na quenda de reserva establecida na Resolución de Alcaldía núm. 2023 – 0494 de data 19.06.2023 por orde de puntuación:

- Sonia Fernández Borrajo, con DNI núm. 700

Terceiro.- Contratar ó/a antedito/a aspirante con data de inicio do contrato o 01 de agosto de 2023, indicando que a dita contratación temporal cubrirá exclusivamente o tempo que dure o proceso de selección e cobertura definitiva da antedita praza que figura incluída na Oferta extraordinaria de Emprego Público para o ano 2022 correspondente ao proceso extraordinario de estabilización e consolidación de emprego temporal, segundo o disposto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de

RESOLUCIONS DE ALCALDÍA
Número: 2023-0641 Data: 28/07/2023

Cod. Validación: 5M9W6TTAMAPCZSQ3D7FR3S5
Corrección: <https://concelloperreiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 4





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Cuarto.- Formalizar o contrato de traballo na modalidade de contrato de duración determinada, especificando no contrato de traballo a causa de substitución “para cubrir temporalmente un posto de traballo durante o proceso de selección para a súa cobertura definitiva”, grupo V, en réxime de dedicación a tempo parcial. Modalidade de contratación recollida no Real Decreto – lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, e no artigo 15 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

Formalizado o contrato, comunicar á oficina pública de emprego que corresponda, no prazo do dez días seguintes á súa concertación.

Quinto.- Informar á representación legal dos/as traballadores/as, mediante entrega dunha copia básica dos contratos celebrados.

Sexto.- Os custos salariais e demais condicións da dita contratación serán os que se detallan a continuación:

CATEGORIA	Limpador/a de instalacións municipais
Nº traballadores	1
Aplicación orzamentaria	326.131-05
Tipo de contrato	Contrato de duración determinada por substitución para a cobertura temporal dun posto de traballo durante o proceso de selección ou promoción para a súa cobertura definitiva mediante contrato fixo
Xornada	50,00%
CNAE-Ocupación	8411 - G
Retribucións brutas / Mes (incl. p.p.p.e.)	591,72 €
S.S. Empresa /Mes	278,39 €
CUSTE TOTAL MENSUAL POR TRABALLADOR/A	870,11 €
Nº de meses de contratación	5,00
CUSTE TOTAL	4.350,55 €

Os anteditos custes salariais consideran o incremento retributivo do 2,50 % sobre as retribucións do ano 2022, aprobado pola Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 (BOE núm. 308 do sábado 24 de decembro de 2022).

Sétimo.- A queda de reserva queda establecida pola seguinte orde de puntuación, se ben irase



actualizando conforme ao disposto nas Bases que rexerán a selección de persoal laboral temporal, por concurso – oposición, e creación dunha bolsa de emprego no concello do Pereiro de Aguiar para os exercicios 2022 – 2023:

APELIDOS E NOME	DNI	BENEFICARIO GALEGO	DISCAPACIDADE	EXPERIENCIA PROFESIONAL	FORMACIÓN	COÑECEMENTO LINGUA GALEGA	TOTAL MÉRITOS	PROBA DE COÑECEMENTOS			PROBA GALEGO	TOTAL PUNTOS
								Test	Suposto práctico	Total		
1 Pérez Blanco Baltasara	393	Sí	-	0,00	0,50	1,00	1,50	4,80	4,80	9,60	-	11,10
2 Dibuja Barroso David	606	Sí	-	0,00	0,50	0,50	1,00	4,80	5,00	9,80	-	10,80
3 Lorenzo Rodríguez Yolanda	464	Sí	-	0,00	0,20	1,00	1,20	4,20	4,30	8,50	-	9,70
4 Ventosela Pato Fátima	1849	Sí	-	1,21	0,00	0,50	1,71	4,20	3,60	7,80	-	9,51
5 Nóvoa Fernández Mª Teresa	1884	Sí	-	0,05	0,00	0,00	0,05	6,00	5,70	11,70	-	11,75

Así mesmo, informaráselle sobre o tratamento dos seus datos persoais e do compromiso de confidencialidade con ocasión da relación que se establece co Concello.

Oitavo.- Publicar a presente Resolución na sede electrónica deste Concello do Pereiro de Aguiar [<http://concellopereiro.sedelectronica.ga>] e na súa páxina web (www.concellopereiro.com).

Noveno.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno do Concello e (no seu caso) á Xunta de Goberno Local, na primeira sesión que celebren.

Décimo.- Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados/as interpoñer, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á recepción desta notificación, ante a Alcaldía deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas - LPACAP-, ou recurso contencioso - administrativo, ante os Xulgados do Contencioso - Administrativo de Ourense no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso - Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso - administrativo ata que aquel sexa resolvido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Así mesmo, poderá exercitar calquera outro recurso que considere pertinente.

Así o acorda o Sr. Alcalde, D. Luís Menor Pérez, no Pereiro de Aguiar; do que como Secretario – Interventor dou fe ó exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O Alcalde,
Luís Menor Pérez

O Secretario – Interventor,
José Antonio Cerdeira Pérez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

RESOLUCIONS DE ALCALDIA
Número: 2023-0641 Data: 28/07/2023

Cod. Validación: 5M9W6TTAMPCZSQ3D3D7FR3S5
Corrección: <https://concellopereiro.sedelectronica.ga/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4

